

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN BASES CONCURSO TAPEANDO CARRAL

EXPEDIENTE: 2023/G003/000623

Expediente 2023/A002/000008

En exercicio das competencias municipais sinaladas no artigo 5 da Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia co fin de fomentar o consumo, promocionar os recursos locais gastronómicos e os produtos do noso agro coa intención de traspasar as fronteiras do noso municipio e converternos nun referente do tapeo esta Administración pretende continuar co concurso de “TAPEANDO CARRAL” coa participación dos establecementos do municipio.

Logo de ver, no expediente de TEDEC 2023/A002/00008, a proposta das bases que rexerán este concurso, asinadas dixitalmente o 13 de novembro de 2023, pola concelleira de turismo dona Natalia Patiño Cañas.

Vista a providencia da Alcaldía, asinada dixitalmente polo Sr. Alcalde o 13 de novembro de 2023.

Enterado do contido do informe da secretaría municipal, asinado electrónicamente o catorce de novembro de dous mil vintetrés.

Considerando suficientes os compromisos das entidades colaboradoras que costan nas Bases para financiación dos premios.

Esta alcaldía coa finalidade de darlle continuidade a este concurso en exercicio das competencias municipais sinaladas no artigo 5 da Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia e en uso das atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local **RESOLVE**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Primeiro.- Advocar singularmente neste caso, para poder realizar a convocatoria e tramitación en prazo, a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 355/2023, do 26 de xuño de 2023, modificado polo 528/2023 do 9 de outubro de 2023, correspondente a “e).-Aprobación das bases de subvencións e axudas convocadas polo Concello e resolución da súa concesión”.

Segundo.- Aprobar as bases do concurso “TAPEANDO CARRAL” ao amparo do artigo 5 da Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia e que quedarán como segue:

“CONCURSO DE TAPAS “Tapeando Carral”

1. OBXECTO

En exercicio das competencias municipais sinaladas no artigo 5 da Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia co fin de fomentar o consumo, promocionar os recursos locais gastronómicos e os produtos do noso agro coa intención de traspasar as fronteiras do noso municipio e convertermos nun referente do tapeo esta Administración pretende continuar co concurso de “TAPEANDO CARRAL” coa participación dos establecementos do municipio

2.- FINALIDADE

A finalidade deste concurso é acadar a participación do maior número de establecementos posibles para apoialos e dar a coñecer a gran calidade gastronómica existente na nosa vila e os produtos do noso agro así como a riqueza culinaria dos establecementos de hostalaría e restauración propios.

3.- DESTINATARIOS

Este concurso está destinado aos establecementos hostaleiros e de restauración do ámbito municipal de Carral que acepten estas bases e se inscriban para participar neste concurso. **Son aceptadas calquera das tipoloxías hostaleiras: bar, mesón, restaurante e cafetería, sempre e cando prime na elaboración das tapas o uso de produtos locais e de tempada.**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4.- INSCRICIÓNS E PRAZO

Calquera establecemento hostaleiro dos nomeados na base anterior que desexe participar neste concurso deberá facelo constar a través dunha folla de inscrición (Anexo I) debendo indicarse o nome da tapa coa que ese establecemento quere participar no concurso *Tapeando Carral*.

A inscrición será totalmente gratuíta e debe presentarse no rexistro municipal do Concello o una sede electrónica do Concello.

O prazo de inscricións comezará o vindeiro luns **20 de novembro de 2023 e rematará ao venres 24 de novembro de 2023**, ambos os dous incluídos.

Os establecementos que se inscriban obríganse a manter a súa participación durante todos os días da promoción e no horario establecido, ofrecendo a tapa elixida para o concurso, agás os días de peche oficiais do local, que será debidamente xustificada na inscrición.

5.- AS TAPAS


Os establecementos poderán presentar unha tapa como máximo a un prezo a elixir segundo o custo e a calidade dos ingredientes que abranguerá dos 2€ aos 2,50€.

Todos os establecementos participantes están obrigados a presentarlle á organización o nome da tapa.

6.- REQUISITOS E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS

Os establecementos que desexen participar neste concurso obríganse a:

1. participar cunha soa tapa que deberá estar dispoñible durante os días de concurso e no horario establecido.
2. exhibir nun lugar visible do establecemento o distintivo que identificará ao local como participante no Concurso de Tapas *"TAPEANDO CARRAL"*.
3. colocar, nun lugar visible e accesible, a urna proporcionada polo Concello e debidamente precintada, na que o público depositará os cupóns de voto da mellor tapa e que optarán aos premios do público.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visible na súa oferta a tapa que participa no concurso cos ingredientes dos que está composta.
- dar un informe final do número de tapas vendidas e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de realizar propostas de mellora para as posibles futuras edicións do mesmo.
- selar a todos os clientes que o precisen co seu correspondente selo no cupón de voto.

O incumprimento dalgunha destes requisitos aquí recollidos é motivo de expulsión do concurso.

7.- REQUISITOS E CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN DO PÚBLICO

Para participar no sorteo de premios para o público que terá lugar unha vez rematado o concurso é requisito :

- ✓ Unha vez acadados o número de selos diferentes establecido o cliente optará a un dos premios e cumprimentará os datos persoais. A continuación depositará o seu cupón de voto secreto dentro das urnas seladas habilitadas para o concurso en calquera dos establecementos participantes, **ata o domingo 10 de decembro de 2023 ás 14:59 h.**
- ✓ Todos os cupóns de voto mal cumprimentados, danados, presentados fóra de prazo ou cun número de selos inferior ao cincuenta por cento serán rexeitados.
- ✓ Procederá ao sorteo dos premios entre os participantes o venres 15 de decembro de 2023 a partir das 9 horas.

8.- DATAS E HORARIO

O concurso dará comezo ás 12.30 horas do 6 de decembro de 2023 e rematará as 15 horas do día 10 de decembro de 2023

O horario de degustación das tapas será de 12:30 a 15:30 horas e de 20:00 a 23:00 horas.

9.- ENTREGA E RECOLLIDA DE URNAS

Entre o xoves día **30 de novembro de 2023** e o **luns 4 de decembro de 2023**, de **9 a 14 horas**, procederá por parte de persoal municipal a entregarlles aos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

establecementos participantes as urnas seladas cos correspondentes boletíns de voto para que poidan repartirlos aos consumidores que participen na degustación de tapas.

Entre **o luns 11 de decembro de 2023 e o mércores 13 de decembro de 2023, de 9 a 14 horas**, procederase por parte de persoal municipal a recollida de urnas cos boletíns de voto que conteñan no seu interior.

Calquera urna manipulada, desprecintada ou presentada fóra de prazo quedará anulada do concurso con todos os votos que conteña.

10.- CUPÓN OFICIAL DE VOTO

Os cupóns de voto, que serán proporcionados polo propio Concello, recollerán os datos básicos do concurso, as condicións de participación, os datos que cumprimentará a persoa participante e un espazo para os selos dos establecementos. Tamén haberá un espazo para votar pola *tapa máis popular*.


O cupón de voto é persoal e intransferible. Para que sexa válido deberán cubrirse todos os datos persoais que se solicitan.

Estes cupóns de voto poderán recollerse na Casa do Concello, na Casa da Cultura, no centro social de uso administrativo Toñito Espiñeira e no local interxeracional ou en calquera dos establecementos adheridos a este concurso.

O período de vixencia do boletín de voto será o da duración do concurso: **12.30 horas do 6 de decembro de 2023 e rematará as 15.00 horas do día 10 de decembro de 2023.**

O establecemento está na obriga de selar (ou indicar o seu CIF e sinatura, no caso de non ter selo) o boletín de voto ás persoas usuarias que así o soliciten, unha vez que o cliente consuma a tapa realizada para o concurso.

Todos os boletíns de participación presentados e válidos terán dereito a participar no sorteo dos premios ofertados no concurso.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

11.- PREMIOS AOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

Todas as tapas presentadas optarán aos seguintes premios:

- Premio á tapa máis popular, elixida polos clientes que teñan cuberto polo menos o cincuenta por centos dos selos.
- Premio á mellor tapa, elixida por un xurado profesional.

Os premios estarán formados por trofeos e agasallos proporcionados por diferentes entidades colaboradoras.

As votacións do xurado popular serán as que se insiran nas urnas situadas nos establecementos participantes que deben ser debidamente cubertas cos datos da persoa que degustou a tapa.

12.- PREMIOS PARA O PÚBLICO PARTICIPANTE

O público participante tamén poderá optar a varios premios en función do número de selos cubertos. Isto é:

- * *"Primeiro Premio:* aos que teñan o 100 % dos selos
- * *"Segundo Premio:* aos que teñan polo menos 75 % dos selos.
- * *"Terceiro Premio:* aos que teñan polo menos o 50% dos selos

Os premios ao público participante serán cortesía de Estrella Galicia, Bodegas Olarra e Exclusivas Rivas Suárez.

- ✓ *"Primeiro Premio:*
 - ✓ O seu peso en cervexa
 - ✓ 1 Paleta curada de Vilalba
 - ✓ 3 magnum Azpilicueta
 - ✓ 1 pack de vermú Petroni
 - ✓ Visita a Cova da Xabreira+hotel+comida



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- ✓ “Segundo Premio:
 - ✓ Visita ao museo Mega Estrella Galicia
 - ✓ Paquete produtos Estrella Galicia
 - ✓ 2 magnum Azpilicueta
 - ✓ 1 pack de vermú Petroni
 - ✓ Estoxo de viño Cova Xabreira
- ✓ “Terceiro Premio:
 - ✓ 2 xerra de Sargadelos
 - ✓ Paquete cervexas Estrella Galicia
 - ✓ 1 magnum Azpilicueta
 - ✓ 1 pack de vermú Petroni
 - ✓ Estoxo de viño de Cova da Xabreira

13.-MEBROS DO XURADO PROFESIONAL

O xurado profesional, quen outorgará o premio á mellor tapa, actuará de incógnito e estará formado por:

- ✓ Un/unha funcionario/a, profesor/a técnico/a de Formación Profesional de cociña e pastelería.
- ✓ Un/unha director/a de cociña.

O xurado valorará a mellor tapa en base aos seguintes criterios e puntuacións:

Criterio	Puntuación máxima
Presentación	Ata 20 puntos
Sabor	Ata 20 puntos
Orixinalidade	Ata 10 puntos
Emprego do produto local (km0)	Ata 10 puntos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Emprego de produto de tempada	Ata 10 puntos
Orixinalidade do prato	Ata 10 puntos
Servizo	Ata 10 puntos
Orixinalidade no nome do prato	Ata 10 puntos

14.- SORTEO DE PREMIOS AOS CLIENTES, Á TAPA POPULAR E EMISIÓN DO DITAME DO XURADO PROFESIONAL

O sorteo será público e incluírá o ditame do xurado a mellor tapa, que será lido publicamente, así como o resultado das votacións e o sorteo dos premios ao público.

Terá lugar o venres 15 de decembro de 2023, a partir das 9 da mañá, no salón de plenos da Casa do Concello de Carral.

✓ Para outorgar os premios ao público seguirase o seguinte procedemento:

✓ Primeiro.- procederase a apertura das urnas, que deben estar debidamente precintadas, e clasificaranse os cupóns segundo o número de selos de cara a participar no primeiro, segundo ou terceiro premio.

✓ Segundo.- Unha vez clasificados depositaranse segundo os cupóns cubertos en sendas urnas e será extraída, por unha persoa escollida aleatoriamente entre o público asistente, unha tarxeta por grupo que resultarán ser os premiados.

Este resultado será publicado na web, no facebook e no taboleiro da sede electrónica do Concello e en novas Carral. Os premiados serán avisados telefónicamente no número de contacto que faciliten no cupón de voto cuberto ao efecto e terán como máximo un prazo de dous días hábiles para aceptar o premio.

Igualmente, no mesmo acto, tamén se extraeran outros tres cupóns de voto, un por cada premio, que serán os gañadores suplentes para o caso de non obter resposta dos gañadores anteriores seleccionados. Cos gañadores suplentes seguirase o mesmo método de comunicación e aceptación que cos gañadores titulares.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- ✓ Para outorgar os premios a tapa máis popular seguirase o seguinte procedemento:
 - ✓ Primeiro.- habilitarase unha urna por establecemento participante no concurso “*Tapeando Carral*” .
 - ✓ Segundo.- reuniranse todos os cupóns de voto e procederase a incluír cada cupón de voto na urna do establecemento propietario da tapa marcada como a tapa máis popular.
 - ✓ Terceiro.- por último procederase ao recuento dos cupóns de voto existentes en cada urna. A urna que máis cupóns de voto teña será o establecemento gañador da tapa máis popular do concurso *Tapeando Carral* .

De todo canto isto levantarase acta acreditativa do cumprimento das presentes bases que será redactada e subscrita por empregados públicos municipais asistentes ao acto.

15.- ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE PREMIOS

Realizarase en acto público no salón de plenos do Concello o mércores 20 de decembro de 2023 ás 20 horas.

16.-PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Responsable do Tratamento

Concello de Carral

CIF P1502100I

Campo da Feira, nº 1

Tfno.: 981670002

DPO: dpo@carral.es

Finalidade e lexitimación

Tramita-la participación no sorteo dos comerciantes e, se é o caso, proceder á entrega dos premios coas retencións fiscais que resultasen procedentes.

O tratamento é lexitimado polo consentimento do interesado.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Datos tratados

Identificativos: Apelidos e nome, DNI e teléfono.

Destinatarios: Non se ceden os datos.

Transferencias internacionais: Non se prevén.

Prazo de conservación

Unha vez rematada as campañas conservaranse unicamente os datos relativos á identificación das persoas premiadas durante os prazos legais previstos na lexislación tributaria.

Información Adicional e Exercicio de Dereitos


Os interesados poderán consultar a información adicional en materia de protección de datos nas oficinas municipais (Rexistro Xeral), ou na páxina web municipal

<https://www.carral.es/>

Así mesmo, poderase dirixir ao correo dpo@carral.es para o exercicio dos seus dereitos. Ou directamente na Axencia de Protección de datos (www.agpd.es).

17.- MÁIS INFORMACIÓN.

Podes obter máis información nas oficinas do Concello de Carral ou no edificio social Toñito Espiñeira, no teléfono 678338859 e no correo electrónico natalia.patino@carral.es



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


ANEXO I

PROCEDIMIENTO	EXPTE TEDEC	DOCUMENTO
BASES CONVOCATORIA “VOLVE CARRAL NO NADAL” PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA NO CONCELLO DE CARRAL	2023/A002/000007	INSCRIPCIÓN

DATOS DA PERSONA SOLICITANTE					
NOME/RAZÓN SOCIAL APELLIDO	PRIMER	SEGUNDO APELLIDO	NI F		
TIP O	NOME DE LA VÍA	NÚM. PISO	BLOQ.	PUERT A	
PARROQUI A	LUGA R				
CÓDIGO POSTAL PROVINCIA	AYUNTAMIEN O	LOCALIDA D			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fehaciente por calquer medio válido en dereito) NOME/RAZÓN SOCIAL				PRIMER APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	
NIF						

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás personas interesadas se realizarán solo por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Solo se poderá acceder á notificación col certificado electrónico ou Chave365. Se enviarán avisos da puesta a disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación y que se poderán cambiar en calquer momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓVIL	CORREO ELECTRÓNICO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

TIPO DE SOLICITANTE

Actividade Establecemento

NOME, SITUACIÓN DO ESTABLECIMENTO PARTICIPANTE

NOME DO ESTABLECIMENTO/ACTIVIDADE

DIRECCIÓN DO ESTABLECIMENTO

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. PISO PUERTA

CÓDIGO POSTAL

AYUNTAMIEN

LOCALIDA

PROVINCIA

O

D


NOME DA TAPA coa que o establecemento quere participar no concurso “Tapeando Carral”:

DÍA PECHE OFICIAL DO ESTABLECIMENTO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Desexa participar no Concurso “Tapeando Carral” co fin de fomentar o consumo, promocionar os recursos locais gastronómicos e os produtos do noso agro coa intención de traspasar as fronteiras do noso municipio e converternos nun referente do tapeo esta Administración pretende continuar co concurso de “TAPEANDO CARRAL” e acepta as Bases de dita Convocatoria asinando ésta solicitude.

Declara cumprir con toda a normativa sectorial e dispor de títulos que habilitan para o exercicio da súa actividade.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

INFORMACIÓN BÁSICA PARA O TRATAMIENTO DE DATOS


Responsable del tratamiento	Concello de Carral
Finalidades del tratamiento	Tramitar este procedimemento, verificar los datos y documentos que la persona interesada aporte en su solicitud para comprobar la exactitud de estos, llevar a cabo las actuaciones administrativas que se deriven e informar sobre el estado de tramitación. Asimismo, los datos personales se incluirán en la Carpeta ciudadana de cada persona interesada para facilitar el acceso a la información, tanto personal como de carácter administrativo
Legitimación para el tratamiento	El cumplimiento de una misión realizada en interés público o en el ejercicio de poderes públicos, derivada de una competencia legalmente atribuida al responsable del tratamiento, así como el cumplimiento de requisitos legales impuestos a dicho responsable (artículo 6.1, letras c) y e), del RGPD, y 8 de la Ley orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales). En concreto, la competencia y las obligaciones previstas en los preceptos básicos de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, y de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, así como en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, en la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno, y en la Ley 4/2019, de 17 de julio, de administración digital de Galicia.
Destinatarios de los datos	Las administraciones públicas en el ejercicio de sus competencias, cuando sea necesario para la tramitación y resolución de los procedimientos de su competencia
Ejercicio de derechos	Las personas interesadas podrán solicitar el acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidad y supresión de sus datos o retirar, en su caso, el consentimiento otorgado a través de la sede electrónica de la Xunta de Galicia o en los lugares y registros establecidos en la normativa reguladora del procedimiento administrativo común.
Contacto con la persona delegada de protección de datos y más información	dpo@carral.es

FIRMA DA PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar y
fecha

, d d

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE CARRAL



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Terceiro.- Publicar as bases aprobadas na web do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carral.

Cuarto.- Continuar coa tramitación deste concurso e dar conta deste decreto ao pleno na vindeira sesión plenaria e na próxima Xunta de Goberno Local aos efectos oportunos

Concello de Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto, e aos únicos efectos de fé pública (Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo) dou fe

A SECRETARIA

Rebeca Vázquez Vázquez